

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 7 DE NOVEMBRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba o Plan de estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 "RIS3 Galicia".

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación do subministro enerxético prestacional e do servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos de diversos centros da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, por un importe total de trinta millóns cento cincuenta mil catrocentos oitenta euros (30.150.480,00€) (IVE engadido), e un valor estimado de vinte e nove millóns novecentos un mil trescentos dous euros (29.901.302,00 euros).

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da reserva e ocupación de prazas no servizo de atención para persoas maiores en situación de dependencia, en diversas áreas do Mapa Galego de Servizos Sociais, por procedemento aberto e tramitación ordinaria. (Expediente: PA 92/2013). Importe do orzamento: catro millóns seiscientos dezasete mil douscentos cincuenta euros (4.617.250,00 euros). Valor estimado: vinte e sete millóns setecentos sesenta e catro mil oitocentos setenta e sete euros con oitenta céntimos (27.764.877,80 euros).

---

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia (CEHOSGA) para potenciar o desenvolvemento de novos mercados e campañas de promoción para os anos 2013 – 2014, por importe de oitenta e tres mil setecentos trinta e dous euros (83.732,00 euros).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a asistencia xurídica gratuíta en Galicia.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus Estatutos.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe de seguimento do programa Xente con Vida.
- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Instituto de Saúde Carlos III, para o funcionamento do Centro Colaborador Español do Instituto Joanna Briggs.

## **A ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE–RIS3 PERMITIRÁ MOBILIZAR EN GALICIA MÁIS DE 1.600 MILLÓNS PARA INNOVACIÓN ATA 2020**

- ***A RIS3 establece tres retos para o período 2014-2020: novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación; novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento; e novo modelo de vida saudable cimentado no desenvolvemento tecnolóxico***
- ***Permitiralle a Galicia canalizar unha parte moi importante dos máis de 2.700 millóns que a UE lle reserva en fondos estruturais para este período***
- ***Mais de 240 axentes do Sistema Galego de I+D+i participaron no proceso de elaboración da Estratexia, que tamén estivo aberto ás achegas da cidadanía a través de máis de 25.000 consultas***
- ***Apóyase o talento investigador, impulsándose a transferencia de coñecemento, a innovación nas pemes e a mobilización de capital, co obxectivo de contribuír ao crecemento económico e a creación de emprego estable***

A Xunta, na súa aposta pola innovación como un dos piares do crecemento e a mellora competitiva do tecido produtivo galego, ten elaborado a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia - RIS3. Esta estratexia, presentada hoxe no Consello da Xunta, permitirá mobilizar máis de 1.600 millóns en innovación na Comunidade no período 2014-2020, establecendo tres retos fundamentais: novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación; novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento; e novo modelo de vida saudable cimentado no desenvolvemento tecnolóxico.

A RIS3 configúrase como unha oportunidade para construír unha política galega de innovación sólida e eficiente para os vindeiros anos, con capacidade para promover a competitividade empresarial, o crecemento económico e a creación de emprego estable. A través dela instrumentarase o apoio ás áreas prioritarias do tecido produtivo galego impulsando o talento investigador; primarase á transferencia de coñecemento incentivando a explotación comercial dos resultados de investigación; impulsarase unha xestión profesional e eficiente da innovación nas pequenas e medianas empresas; e captarase financiamento europeo mobilizándose capital privado co obxectivo de que grandes empresas instalen centros de I+D en Galicia exercendo un efecto tractor sobre as pemes locais.

Para a elaboración da RIS3, o Goberno galego traballou de modo conxunto nos últimos meses cos axentes do Sistema Galego de I+D+i, obtendo unha visión compartida do camiño a seguir. En total, participaron no proceso máis de 240 axentes –empresas, universidades, clústers ou centros tecnolóxicos e de investigación- organizados en grupos de traballo, aos que cabe sumarles as achegas da cidadanía mediante máis de 25.000 consultas.

A través da RIS3, Galicia canaliza unha parte moi importante dos máis de 2.700 millóns de euros que a UE lle reserva en fondos estruturais para o período 2014-2020. Neste sentido,

todas as rexións europeas que optan a seguir recibindo estes fondos tiñan que presentar unha estratexia, especificando un número limitado de prioridades de investimento con base nas vantaxes competitivas de cada territorio.

O goberno galego aproveitou o dito requisito para elaborar unha estratexia integral de innovación que combina, a través de tres retos estratéxicos que comprenden 10 obxectivos, as singularidades de Galicia para xerar no mercado internacional produtos e servizos competitivos coas posibilidades de diversificación dos sectores estratéxicos para chegar a novos nichos de innovación.

Estes retos servirán de base para a elaboración dos vindeiros programas de axudas no ámbito da innovación, priorizando o talento galego con medidas que beneficien os investigadores que orienten o seu traballo ás demandas e necesidades do mercado.

### **Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación**

O primeiro dos tres retos propostos persegue modernizar a xestión de actividades tradicionais ligadas aos recursos naturais e culturais galegos. Para iso, poranse en valor os recursos do mar para obter biocombustibles, fármacos ou cosméticos, ao tempo que se aposta pola modernización da acuicultura de cara a xerar novos produtos e servizos a través da aplicación da biotecnoloxía –para o control de enfermidades e a mellora da alimentación– e das TIC –no relativo á imaxe de marca e á rastrexabilidade-. Así mesmo, nos sectores agrogandeiro, pesqueiro e forestal abordárase un proceso de modernización encamiñado á obtención de explotacións máis eficientes, innovadoras e rendibles.

Este primeiro reto considera tamén, dun lado, á mellora na obtención de enerxía a partir dos recursos autóctonos mediante procesos de diversificación na produción de biomasa, na enerxía undimotriz, ou nos biocombustibles de orixe mariña. E doutro, apóstase pola modernización dos sectores turísticos e das industrias culturais a través das TIC co obxectivo de crear produtos innovadores, desenvolver aplicacións móbiles e abrir novas canles de comercialización directa.

### **Modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento**

O segundo reto busca mellorar a competitividade das industrias con máis peso na economía galega, como a automoción, o naval, o téxtil, a alimentación ou a metalurxia. Para logralo, é prioritaria a transformación da industria tradicional para aproveitar novos nichos de mercado. Trátase de orientar a experiencia dos sectores auxiliares do naval ou da automoción de cara a acceder a industrias de alta tecnoloxía coma a aeronáutica ou a aeroespacial.

Isto acompañarase da mellora da competitividade industrial a través da aplicación da innovación nos procesos produtivos para camiñar cara á fábrica do futuro: un modelo máis eficiente e cun mellor comportamento ambiental. Ademais, impulsaranse as TIC e outras tecnoloxías facilitadoras (biotecnoloxía, nanotecnoloxía) para permitirles ás empresas galegas destes sectores entrar de cheo na economía do coñecemento.

---

### **Modelo de vida saudable cimentado no desenvolvemento tecnolóxico**

O último dos retos pasa polo posicionamento de Galicia como rexión líder do sur de Europa na innovación para a mellora da calidade de vida e para unha alimentación máis saudable e segura, con especial atención ás persoas maiores.

O envellecemento activo é un campo de traballo básico para acadar este reto, polo que se apoiará a xeración de novas tecnoloxías tanto neste eido coma no do aumento da autonomía persoal, en especial para beneficio das persoas maiores afectadas por discapacidades. Isto complementase cunha aposta decidida polo desenvolvemento de novos produtos e servizos alimentarios, como alimentos funcionais para persoas maiores e afectados por diabetes ou obesidade e a aplicación das TIC para garantir a trazabilidade dos produtos.

---

**O CONSELLO AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA E DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E EQUIPOS DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA**

- ***O importe total do contrato é de 30 millóns de euros, e o aforro económico directo previsto para toda a súa duración -oito anos- será de máis de 2,6 millóns de euros***
- ***Afrontaranse as actuacións de mellora e renovación de instalacións que sexan necesarias para garantir un aforro enerxético mínimo do 15%***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente para a contratación da Subministración Enerxética Prestacional e do Servizo de Mantemento e Conservación de Edificios, Instalacións e Equipos de diversos centros da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

Nel intégranse nun único contrato a xestión do subministro enerxético prestacional e o mantemento coa fin de que se poidan afrontar as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias para garantir un aforro enerxético mínimo do 15%.

O subministro enerxético prestacional refírese ao subministro de enerxía útil xa transformada de xeito permanente e sen interrupcións, entendéndose por enerxía útil aquela enerxía eléctrica, térmica e frigorífica que se subministra para uso finalista. O adxudicatario subministrará a enerxía para o correcto funcionamento das instalacións e equipos eléctricos, de climatización e de auga quente sanitaria.

O importe total do contrato é de 30 millóns de euros, e o aforro económico directo previsto para toda a súa duración -oito anos- será de máis de 2,6 millóns de euros.

A través desta contratación pásase dun modelo tradicional de subministración de enerxía eléctrica e combustibles a un modelo prestacional con requirimentos de calidade térmica ambiental, de iluminación e de calidade do aire interior.

O adxudicatario deberá garantir actuacións de mellora nas instalacións (cunha inversión estimada de polo menos 1,2 millóns de euros) e responsabilizarse da súa operación e mantemento co obxecto de acadar un aforro enerxético de enerxía primaria mínimo dun 15%, así como unha diminución das emisións de CO<sub>2</sub>. Así mesmo, poténciase o uso da biomasa para fins térmicos, eliminando os combustibles fósiles máis contaminantes.

## **A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 3,5 MILLÓNS PARA O MANTEMENTO DE 253 PRAZAS PARA MAIORES EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA**

- ***O Consello da Xunta aprobou esta partida para o concerto de 100 prazas na provincia de Ourense, 120 na Coruña; e 33 en Pontevedra***
- ***Esta actuación inscríbese na aposta do Goberno galego pola atención á dependencia e polo mantemento de recursos sociais, dunha forma eficiente e planificada***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha desde 2009 un total de 2.864 prazas para persoas maiores en toda Galicia***
- ***No ano 2014 destinará 82 millóns de euros ao mantemento das 9.493 prazas existentes na actualidade***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá 3,5 millóns de euros en 2014 no mantemento do concerto de 253 prazas para persoas maiores en situación de dependencia en diversas áreas de Galicia, tendo en conta a distribución do Mapa galego de servizos sociais, que permite realizar unha planificación racional e de acordo coa demanda real de prazas sociais.

Esta actuación inscríbese na aposta do Goberno galego pola atención á dependencia e pola posta en marcha de novos recursos sociais, dunha forma eficiente e planificada. De feito, o departamento autonómico investirá este ano 82 millóns de euros no mantemento de prazas para maiores en situación de dependencia en toda Galicia.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta licitación que supón seguir ofrecendo ao colectivo de persoas maiores en situación de dependencia unha atención integral e continuada. Neste caso, 100 prazas corresponden á provincia de Ourense, 120 á da Coruña; e 33 á de Pontevedra.

O mantemento de prazas residenciais para persoas en situación de dependencia contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas con necesidades de atención sociosanitaria, así como das súas familias.

A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha desde 2009 un total de 2.864 prazas para persoas maiores en toda Galicia, entre residencias, centros de día e centros de Alzheimer. Na actualidade existen un total de 9.493 prazas deste tipo na comunidade sostidas con fondos públicos, das que 6.659 son residenciais.

---

## **XUNTA E HOSTALEIROS COLABORARÁN PARA PROMOVER O EMPREGO DOS PRODUTOS GALEGOS DA PESCA E DA ACUICULTURA EN MÁIS DE 40.000 ESTABLECEMENTOS**

- ***O Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia para tal fin***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia (Cehosga) para promover, entre os seus asociados, o emprego dos produtos galegos da pesca e da acuicultura, impulsando o seu consumo e incrementando así a súa competitividade.

Entre as accións específicas que se van desenvolver, en virtude deste convenio, destacan a realización de estudos sobre as necesidades de compra de produto da pesca fresca por parte dos asociados de Cehosga, análises sobre os hábitos de consumo no sector da hostalaría e divulgación das bondades do produto mediante talleres/demostracións gastronómicas. Tamén, a potenciación do uso e promoción dos produtos da pesca artesanal con calidade diferenciada e certificación en establecementos con sistemas de xestión de calidade implantados.

Con esta iniciativa preténdese potenciar o consumo responsable dos produtos pesqueiros evitando fraudes de comercialización e promover, pola súa vez, a sustentabilidade dos recursos pesqueiros, impulsando as modalidades de pesca que favorecen a sustentabilidade do ecosistema, a conservación das poboacións obxecto de pesca e as artes consideradas como sustentables dende o punto de vista ambiental e da propia pesqueira. Búscase ademais implicar o propio sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura, permitindo a súa participación na cadea de comercialización.

Considérase que o sector hostaleiro –e en especial os restaurantes– son sen dúbida un dos potenciais usuarios das materias primas da pesca e da acuicultura que poden representar un elemento de diferenciación importante á hora de ofrecer un servizo de calidade á súa clientela. Valórase como fundamental a colaboración co sector hostaleiro representado por Cehosga, entidade que agrupa máis de 40.000 establecementos de toda Galicia.

Medio Rural e Mar contribuirá á realización das accións comprendidas neste convenio cunha achega económica de 83.732 euros.



## **A XUNTA REBAIXA A MENOS DE 32 DÍAS A MEDIA DE ESPERA NO PAGAMENTO DA ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA**

- ***O Goberno galego incrementou nun 16 % o crédito para a xustiza gratuíta, ao pasar de 8,5 a 10 millóns de euros en 2010, cifra que consolidou no resto dos exercicios***
- ***O 86 por cento das máis de 42.000 solicitudes de xustiza gratuíta recibidas en 2012 foron admitidas***
- ***A Xunta considera que a quenda de oficio é un servizo fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza***

A Xunta de Galicia logrou rebaixar a menos de 32 días o tempo de espera medio no pagamento dos procesos de Asistencia Xurídica Gratuíta, que chegou aos 86 días antes do ano 2009; é dicir, un mes fronte a case tres. Así se reflicte no informe que o vicepresidente, Alfonso Rueda, elevou hoxe ao Consello da Xunta.

No documento ponse de manifesto o importante esforzo da Administración autonómica por axilizar os pagamentos dos procesos de Asistencia Xurídica Gratuíta, que se traduce nunha significativa mellora dos tempos e no aboamento dos atrasos que existían.

A partir de 2009, cando o actual Goberno asume as responsabilidades á fronte da Xunta, atópase cun orzamento deficitario en materia de xustiza gratuíta, así coma cunha parálise administrativa na tramitación dos pagamentos. Para facer fronte a esta situación, o novo executivo autonómico puxo en marcha unha serie de medidas para reconducir a situación, que pasaron, principalmente, polo incremento do orzamento e pola introdución de novidades de carácter informático.

No que atinxe ao orzamento, no ano 2010 a Xunta incrementou nun 16 por cento o crédito para a xustiza gratuíta, que pasou de 8,5 a 10 millóns de euros. Mentres outras comunidades diminúen o crédito para a quenda de oficio, no caso de Galicia o aumento de 2010 consolidouse nos posteriores exercicios. Hai que lembrar tamén que en 2009 houbo que complementar en 2,8 millóns o crédito estipulado para facer fronte ás obrigas contraídas.

O esforzo da Administración autonómica nesta materia corrobora a súa aposta pola quenda de oficio como un servizo fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza. Cómpre salientar que en 2012 a Xunta recibiu máis de 42.000 solicitudes de Asistencia Xurídica Gratuíta, o 86 por cento das cales foron estimadas.

Ademais de constituírse por primeira vez o Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, no que atinxe ao sistema de xestión, puxéronse en marcha auditorías, medidas de racionalización de medios e melloras organizativas, que redundaron nunha mellor coordinación e eficiencia do sistema no seu conxunto.

---

Unha das medidas máis salientables foi a comunicación telemática entre os colexios profesionais e a Administración. O acceso telemático ás bases de datos do Catastro e da Seguridade Social por parte das comisión de AXG axilizou a resolución das solicitudes do dereito.

Tamén se modificou o modelo de solicitude de asistencia xurídica gratuíta, os soportes no que os colexios profesionais deben enviar a xustificación dos asuntos certificados e introducíronse melloras nos procedementos de certificación e xustificación das compensacións económicas.

## **A XUNTA TRASLADA AO CONSELLO CONSULTIVO O DECRETO DE CREACIÓN DA AXENCIA DE SERVIZOS SOCIAIS**

- ***O Goberno galego coñeceu hoxe un informe sobre a situación deste ente cuxa creación está recollida na Lei de servizos sociais de 2008***

- ***A axencia irá asumindo progresivamente os equipamentos de servizos sociais, comezando polas escolas infantís***
- ***A creación desta Axencia permitirá unificar e ordenar de forma máis eficiente os recursos ao evitar duplicidades, polo que se conseguirá unha xestión máis áxil***
- ***O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar será absorbido pola Axencia***

A Consellería de Traballo e Benestar está a ultimar actualmente os trámites de cara á creación da Axencia Galega de Servizos Sociais, co fin de que estea constituída no primeiro semestre de 2014 e comece a funcionar no próximo ano.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a través dun informe o estado actual da tramitación deste ente. O proxecto de decreto que o regulará será remitido esta mesma semana ao Consello Consultivo. Logo deste trámite, prevese que o texto sexa aprobado definitivamente no mes de decembro.

A creación deste organismo –unha entidade pública, con personalidade xurídica propia- está prevista na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e ten como obxectivo principal xestionar os servizos públicos en materia de servizos sociais e acadar un aproveitamento óptimo deste sistema, sempre coa finalidade última de optimizar a atención ao cidadán.

Deste xeito, a Axencia suporá a unificación, nunha única persoa xurídica, dos recursos humanos e materiais de que dispón o Goberno galego para prestar os servizos sociais. Ao unificar e ordenar os recursos de forma máis eficiente, evítanse duplicidades e acadarase unha mellora da atención e unha xestión máis áxil.

A homoxeneización dos recursos facilitará, ademais, que as carteiras de servizos que está elaborando o departamento –a dirixida á dependencia xa foi publicada- sexan unha realidade dunha forma máis fácil, e con maior rapidez.

A Axencia irá asumindo, progresivamente, todos os centros de servizos sociais (escolas infantís, centros de día, residencias...) que dependen do departamento autonómico e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. O obxectivo é garantir que a xestión non se vexa afectada en ningún momento, de aí que este proceso se acometa de forma gradual.

## **Escolas infantís**

A posta en marcha deste ente comezará coa xestión das escolas infantís que dependen actualmente da Consellería de Traballo e Benestar, para despois ir asumindo os centros que dependen do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A previsión é que a Axencia poida ter asumido a principios de 2015 a totalidade de centros do Consorcio, polo que este ente pasará a extinguirse xa que quedará integrado dentro do novo organismo.

A xestión dos restantes servizos sociais irase asumindo paulatinamente a partir desa data, seguindo a orde das distintas áreas estratéxicas e unificando segundo a tipoloxía dos centros.

O novo organismo seguirá estando rexido polos principios de transversalidade e colaboración co que se levan prestando os servizos sociais nos últimos anos. Deste xeito, pese a extinción do Consorcio, continuarase traballando da man dos concellos.

De feito, no Consello Reitor do organismos haberá representantes tanto da Consellería da Área de Servizos Sociais, como da de Sanidade e Educación. A estes sumaranse representantes das entidades locais, que serán propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

## **O PROGRAMA XENTE CON VIDA SUPERA AS 257.000 PÁXINAS VISTAS NA WEB DESDE O SEU NACEMENTO EN 2012**

- ***O programa ven de recibir o primeiro premio Estratexia Naos do Ministerio de Sanidade na modalidade “promoción dunha alimentación saudable no ámbito familiar e comunitario”***
- ***É un proxecto de comunicación on-line que pretende sensibilizar os usuarios galegos dos beneficios dunha alimentación saudable***
- ***Conta cunha plataforma web, un blog e perfís nas redes sociais Facebook e Twitter, e busca o contacto directo cos cidadáns, cunha linguaxe clara, sinxela e comprensible por todos***

---

O programa Xente con Vida ([www.xenteconvida.es](http://www.xenteconvida.es)) impulsado desde a Consellería de Sanidade suma xa un total 257.568 páxinas vistas dende a súa creación de forma piloto en marzo de 2012. Neste sentido, a web e o blog de Xente con Vida sumaron xa máis de 73.151 visitas cunha media de 452 páxinas vistas cada día. Ademais, os artigos teñen unha valoración moi positiva por parte dos cidadáns, cunha media de 3,60 puntos sobre 5 posibles nos contidos do blog, e de 3,87 puntos nos contidos da web, e hai máis de 3.738 participacións rexistradas nas súas enquisas e tests.

O programa impulsado desde a Consellería de Sanidade vén de recibir o primeiro premio Estratexia Naos na modalidade de Promoción dunha Alimentación Saudable no Ambito Familiar e Comunitario. A directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Sonia Martínez Arca, foi a encargada o pasado martes de recoller este galardón da VI edición dos Premio Estratexia Naos, que outorga a Axencia Española de Seguridad Alimentaria e Nutrición do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Xente con Vida é un proxecto de comunicación *on-line* que pretende sensibilizar a cidadanía galega sobre os beneficios dos hábitos de vida saudables centrándose na difusión de información fiable e contrastada sobre alimentación e, dende o pasado mes de setembro, inclúense mensaxes relacionadas coa actividade física.

Para isto conta cunha plataforma web, un blog e perfís nas redes sociais Facebook e Twitter. Mediante a comunicación bidireccional que permiten estas plataformas, a iniciativa busca o contacto directo cos cidadáns, cunha linguaxe clara, sinxela e comprensible por todos. Entre os seus contidos conta con opinións de expertos e sinxelos artigos divulgativos sobre temas como menús infantís, mantemento de peso, consellos para previr enfermidades ou mitos sobre a alimentación.

### **Gran difusión nas redes sociais**

Entre os éxitos da iniciativa atópase a difusión do programa polas redes sociais o que foi desde o primeiro momento un dos grandes obxectivos do programa.

En Facebook, a rede social maioritaria, Xente con Vida conta con máis de 10.826 fans. A páxina actualízase diariamente e leva publicados 367 mensaxes e 22,9 millóns de impresións servidas.

O grao de interacción dos usuarios é moi satisfactorio. En Facebook lévanse rexistradas máis de 48.232 accións dos seguidores, que comentan e comparten contidos.

En canto a Twitter, o número de seguidores (usuarios rexistrados que apuntados ao canal) ascende a 410.

**A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III  
RENOVAN O CONVENIO PARA O CENTRO COLABORADOR ESPAÑOL DO  
INSTITUTO JOANNA BRIGGS**

- ***Esta colaboración comporta numerosas vantaxes para promover a investigación en coidados na nosa comunidade autónoma, incluíndo cursos que mellorarán a formación, e repercutirá de xeito positivo nos seus futuros pacientes***

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde veñen de asinar co Instituto de Saúde Carlos III a renovación para a colaboración co Instituto Joanna Briggs. A conselleira de Sanidade, Rocio Mosquera Álvarez, informou o Consello da Xunta desta sinatura e do inicio da tramitación dun novo convenio plurianual para o período 2014-2018.

Formar parte do Centro Colaborador Español permite que os profesionais da Sanidade pública galega, fundamentalmente en enfermaría, accedan a recursos e formación en coidados baseados na mellor evidencia científica. En definitiva, esta colaboración permite conseguir prestar unha asistencia e uns coidados máis seguros e de maior calidade, que nos permitirá mellorar a resposta ás necesidades de coidados dos nosos cidadáns.

As vantaxes de ser membro colaborador do Instituto Joanna Briggs son, entre outras, promover a investigación en coidados e dar acceso aos nosos profesionais a todas as revisións sistemáticas de investigadores internacionais, e obter formación específica que lles permita participar nelas. Así como manter o liderado na promoción e desenvolvemento da investigación en enfermaría, no ámbito nacional e internacional, dentro da estratexia posta en marcha polo Instituto de Saúde Carlos III.

Tamén permite, entre outros, que os profesionais accedan a todos os recursos e publicacións do Instituto Joanna Briggs, aplicar as mellores prácticas clínicas baseadas na evidencia científica; ou deseñar, promover e impartir cursos na práctica clínica baseada na evidencia a persoal de enfermaría con labores asistenciais, investigadores, xestores e docentes.

O Instituto Joanna Briggs (JBI) é unha organización internacional sen ánimo de lucro, con subscritores, dedicada á investigación en enfermaría e a súa aplicación, e ao desenvolvemento da práctica clínica baseada na evidencia. Atópase na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade de Adelaida, no Sur de Australia, e colabora internacionalmente con máis de 70 entidades en todo o mundo.

En abril de 2004, o Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII) asinou un convenio para a creación dun Centro Colaborador Español do Instituto Joanna Briggs, cuxo obxectivo é o desenvolvemento da práctica clínica baseada na evidencia, a potenciación da investigación en enfermaría e a súa aplicación á práctica clínica no noso país.

Galicia, xunto con Cataluña e Aragón, foi unha das primeiras comunidades asinantes para que este centro colaborador tivera unha representación estatal, coa participación de diferentes comunidades autónomas.

